



IX – CREANDO PRODUCTOS FINAIS

Productos finais socialmente relevantes para o noso proxecto

Cando plantexamos un proxecto de traballo e investigación na nosa aula, deberemos ter claro desde o comezo a que **produto final socialmente relevante** queremos chegar co mesmo, na toma de decisión sobre este produto final deberá ter un papel activo o alumnado, de xeito que éste se convirta nun dos eixos motivacionais do mesmo.

O produto social que plantexemos deberá cumprir os seguintes principios, para sexa eficaz dentro do proxecto de traballo:

- *Debe ter unha funcionalidade clara:* a nosa investigación e o proxecto de traballo conseguinte debe ter unha funcionalidade clara para o alumnado. Investigamos e buscamos a resposta ás diferentes pregunta entre outras para elaborar o noso produto final. Este produto final debe ter a súa vez unha funcionalidade clara, e o alumnado debe ser coñecedor da función do produto que estamos a elaborar: formar parte dunha exposición, crear un documental na que contar os descubrimentos para poder contarllo ós outros, ter coñecementos para servir de guía a outros compañeiros nunha exposición...
- *Debe ter unha repercusión social:* o produto final que plantexemos como resultado do traballo de investigación no proxecto da nosa aula, deberá estar pensado cunha visión de apertura á sociedade, de xeito que se afonde la idea de que o que se fai na escola non é distinto da vida real, senón que é a vida real.
- *Deberán existir canles que permitan que todos e todas coñezan os descubrimentos:* se ben o traballo por equipos vai a dar lugar a que cada grupo se encargue de afondar en determinados aspectos, deberemos contemplar actividades que permitan o intercambio de información especialmente as relacionadas coa competencia lingüística no eido oral. Neste senso o produto final pode servir de ferramenta interesante para este intercambio de coñecementos.
- *O alumnado ten que ser partícipe:* non tan só la evidente elaboración do mesmo, senón na toma de decisión sobre que tipo de produto imos elaborar, con que función, en que momento...

1.- Exemplos de produtos finais socialmente relevantes:

- Elaboración de murais e paneis explicativos
- Elaboración de documentais contando os descubrimentos (previa planificación e escritura do guión)
- Creación de contos e videocontos
- Creación de produtos e obxectos reais que eran a causa do proxecto: un horto, planificar unha excursión, organizar un espazo concreto...
- Xornadas monográficas para contar ós descubrimentos abertas á comunidade (especialmente ás familias)
- Elaboración de ponencias feitas polos propios alumnos, tendo que planificar previamente que e como o van a contar, elaborando presentacións complementarias, guións para a exposición oral...
- Elaboracións de libros e documentos impresos: guías de viaxes, libros monográficos sobre un tema para incluír na biblioteca ou enviar ás familias...
- Elaboración de produtos finais online: crear un blog informativo e interactivo mantido polos alumnos.





PROXECTO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

SEMINARIO “Proxectos de traballo” - C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño | curso 2013-2014

- Crear galerías de imaxes tipo diccionario visual, creación de vídeos online (TV escolar??)
- Portfolios co traballo levado a cabo
- etc

Licenza creative commons: cc-by-sa



(acorde ó indicado na resolución do 11 de xuño de 2013 pola que se convocan os P.F.P.P.)